

4. TELEASISTENCIA MULTIESPECIALIDADE

Deseño e posta en marcha dunha plataforma que permite a **xestión integral da comunicación entre profesionais** que traballan co paciente.

O resultado é unha ferramenta informática de uso intuitivo que cobre as necesidades de comunicación entre profesionais de diferentes niveis e estruturas asistenciais: hospitais, centros de saúde, PAC ou 061.

Adaptada á plataforma do Sergas, **permite realizar e-interconsultas entre atención primaria e especializada**. Actualmente atópase en desenvolvemento unha plataforma de videoconferencia entre paciente e profesional.

As probas piloto foron realizadas nas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXI) de **A Coruña, Vigo e Lugo-Monforte-Cervo**.